



BOP

LUNS, 04 DE ABRIL DE 2022

N.º 077

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Foz solicita de Augas de Galicia un caudal de 2.465.169,12 m³/ano de augas procedente do Río Ouro, no lugar de Fontao, na parroquia Santa Cilla do Valadouro, no Concello de Foz (Lugo), con destino a uso para abastecemento, gandeiro e industrial, modificación da concesión outorgada na existente do Expediente 30.901 outorgada no ano 1975 pola Comisaría de Augas do Norte de España. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 144 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.62840

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Concello de Foz
VOLUME MÁXIMO ANUAL:	2.465.169,12 m ³ /ano
CAUDAL INSTANTÁNEO:	150 l/s
DESTINO:	Abastecemento de poboación, gandeiro e industrial
ORIXE:	Río Ouro
LUGAR:	Fontao
PARROQUIA:	Santa Cilla do Valadouro
CONCELLO:	Foz

Descrición:

A auga CÁPTASE NO RÍO OURO, no punto con coordenadas UTM (Datum 29, ETRS-89): (X: 634311; Y: 4826643) na denominada 'Presa da Rosada', mediante unha toma directa somerxida. Dende este punto a auga condúcese por unha conducción mixta por gravidade a través dunha canle a ceo aberto durante uns 1466 metros e unha tubaría de 600 mm de diámetro ao longo duns 3034 metros ata chegar á ETAP DE FAZOURO (X: 637070; Y: 4827650) que se encontra situada no lugar de Vilameá.

Dende a ETAP de Fazouro impúlsase mediante o sistema de BOMBEO da ETAP aos DEPÓSITOS DE FAZOURO (X: 637386; Y:4827140). Estes depósitos abastecen directamente aos núcleos de Fazouro, Vilarmea, Morgallón, A Igrexa, Marzán, Nois, A Barrosa-Cabanas, Cendín, Cangas, Alemparte-A Ribela, Palmiz-Forxán, Morente, parroquia de Vilaronte (parcialmente) así como ao DEPÓSITO DE FOZ, DEPÓSITO DE CANGAS, DEPÓSITO DE LOUSADA (e o bombeo previo) e DEPÓSITO DE XINZO (e o bombeo previo). Dende o depósito de Foz (X: 640262; Y: 4825603), sito no lugar de O Castro, abastécese ao núcleo urbano de Foz e ao depósito de Xinzo. Dende o depósito de Cangas de Foz (X: 633293; Y: 4831068), sito no lugar de Vilasindre, abastécese o núcleo de Cangas e Vilasindre. O depósito de Lousada (X: 636665; Y: 4828936) abastece o núcleo de Lousada e, o depósito de Xinzo (X: 637494; Y: 4823986) abastece aos núcleos de Carín, Pestiño de Abaixo, Viatuíxe, As Seixas, Vilacizal, Rega-Viñas, O Chao, A Rega, Folgosa, Trasmonte, Teixeira, Sobrado, O Alto, As Bidueiras, A Senra, Pousada, Veiga das Viñas, O Redondo, O Piñeiro, Pousada, Raúlfe, Valmaior, Xinzo, Carite, O Vao, Reiriz, Os Carrís-Ver, Ferreira Vella, Vilar, Oirín, Vilacendo, Río, Caizal, San Brais, Vilaxuane, O Carmen, Mañente, Espiñeira, Vilaronte, A Cernada-A Chaira, A Cerderiña, A Rúa.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, nº 70, 2º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 29 DE MARZO DE 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021).-- O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0733

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA. P.Q. 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA. TREITO: 0+000 - 9+400.

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 28 de abril de 2022

Lugo, 28 de marzo de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3095

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
101; 114	ABELEDOS ABELEDOS JOSE ANTONIO 33855511-V, LAMEIRO VARELA MARIA CARMEN 33849399T	OTERO PEDRAYO, 44 - ESC. 8 - 2º B. 27003 LUGO
67	ABELEDOS AMIL FE 33804607-N, ABELEDOS AMIL MARIA DEL CARMEN 33845285A	CTRA. DE HOMBREIRO, 132 - 2º. 27004 LUGO
35A	ABELEDOS AMIL JESUSA 33792096J	
49	ABELEDOS FRAGA ARTURO 33763563T, FERNANDEZ CABADO CARMEN 76531725F	
194	ALVITE VILLAR JOSEFA 33774512-R	RÚA AMENEIRO, 19 -ESC. 1 - 1º. 27004 LUGO
88; 77; 86; 87; 91	AMIL CASAL JESUS FIDEL 76571300-E	TORRE, 1- CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
89; 92; 149; 154; 156	BAAMONDE FERNANDEZ JOSE MANUEL 33843390-V	TORRE, 33- CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
14	BLANCO MONTECELOS ROSA-MARIA 76568189Q	27220 FRIOL (LUGO)

4	BLANCO VARELA JOSE ANTONIO 76539697-K	MACEDO, 8 - CONDES 27235 FRIOL (LUGO)
5	BLANCO VARELA MARINA 33744004-Z	RÚA QUIROGA, 1, ESCAL. 1 -1º A 27004 LUGO
54; 53	BUSTO SAAVEDRA JOSE DICTINO 76568234-S, BUSTO SAAVEDRA ANGEL 76573767M, BUSTO SAAVEDRA JOSE ANTONIO 76571363Q	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
87A	CASAL ARES CARMEN 33789725B	TORRE, 1- CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
16	DIAZ SEREN MARIA ESTRELLA 33841355-Y	SAN PEDRO DE VILLALVITE. 27220 FRIOL (LUGO)
42	FERNANDEZ ASCARIZ JOSE BALBINO 33315600-P	AS PARDELLAS, 32- CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
51	FERNANDEZ CABADO CARMEN 76531725F	
70	FERNANDEZ CABADO JOSE 76553198-K	AS PARDELLAS, 51 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
72; 68A; 68; 68B; 71A	FERNANDEZ CABADO JOSE 76553198-K, VIÑA GARCIA MARIA DE LOS ANGELES 33830258H	AS PARDELLAS, 51 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
2	FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA JOSEFA 33854482-T, RIVAS FERNANDEZ JOSE LUIS 33349217-E	CAMPO DA TORRE, 20 27220 FRIOL (LUGO)
44	FERNANDEZ LAMELA FE 33848965-A	CASTIDO, 30. 27004 LUGO
82	FRANCO FRAGA MARIA 33841913-N	TÚNEL DE OURAL, 1 - 2º. 27003 LUGO
175; 186	GARCIA BARBA ELENA 33795980-X	FONTEDELO, 4 - SAN CIBRAO. 27235 FRIOL (LUGO)
8	GIL RODRÍGUEZ MARIA FE 33305242-T	MANUEL.M. DARRIBA, 8. 27377 MUIENTA (LUGO)
184	GOMEZ GARCIA JULIO 33313348-X	VILAR, 1 - SAN CIBRAO. 27235 FRIOL (LUGO)
180; 179	GOMEZ GARCIA JULIO 33313348-X, GARCIA GANDROY ARSENIA 76532053-J	SAN CIBRAO, 1. 27235 FRIOL (LUGO)
78	IGLESIAS ESPÍÑEIRA JOSE MANUEL 33539968-B	A TORRE - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
55	IGLESIAS PRADO JOSE LUIS 33326220-W	
35B; 41	IGLESIAS ROUCO DANIEL 33805066-B, IGLESIAS ESPÍÑEIRA JOSEFA 33846912C	AS PARDELLAS, 29 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
108; 106; 107	JUL DARRIBA JOSE MANUEL 76568231-N	FLOR DE MALVA, 74 - ESC. 1 -1ºA. 27003 LUGO
97	JUL DARRIBA MARIA PAZ 33832119-Q	RÚA ALBEDRO, 15. 27003 LUGO

45	LAMELA ASCARIZ FRANCISCO 33625956-W	RÚA SANTIAGO, 110-ESC. 2-3º D. 27004 LUGO
40	LOPEZ FERNANDEZ NILO JAVIER 33339675-W	CABANA, 2 - NODAR. 27229 FRIOL
193	LOPEZ GARCIA MARIA DE LOS ANGELES 33312899K	
135; 155; 157; 152; 150; 145; 134; 148	LOPEZ NEIRA MARIA LUZ 33338396-B	XUL, 8 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
26	LOURES CAMPO MARIA PAZ 76571354-F	CASAS NOITE, 16. 27220 FRIOL (LUGO)
28	MVMC DE FRIOL	RÚA DOS CASTELOS, 1 - 27220 FRIOL (LUGO)
17; 22; 13	MVMC DE FRIOL E27140102	RÚA DOS CASTELOS, 1 - 27220 FRIOL (LUGO)
100	NUÑEZ COBAS JOSE ANGEL 33317929-Z	CONDES, 7. 27235 FRIOL (LUGO)
98; 99; 96	NUÑEZ COBAS JOSE ANGEL 33317929-Z, VISO FERNANDEZ MARIA DEL MAR 32648760F	CONDES, 7. 27235 FRIOL (LUGO)
19	PAZ LORENZO JOSE MANUEL 33837879-A	ZARRA - LA CAMPIÑA, 84 - 1º C. 27192 UGO
9	PROMOCIONES TEIXIDO LOPEZ SL	RÚA DO CONCELLO, 56 - 1º. 27300 GUITIRIZ (LUGO)
61	RACAMONDE BRION JOSE MANUEL 09765291-C	RÚA REAL, 13. 15969 CORRUBEDO (A CORUÑA)
11	RACAMONDE GARCIA BIENVENIDO 33751494-Y	CAMPO DA TORRE, 40. 27220 FRIOL (LUGO)
54A	RAMOS BUJAN AVELINO 76532200E	AS PARDELLAS, 6 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
90A	REBOLO FRANCO ANGEL 33800460-M	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
65; 64; 62A; 63	REBOLO FRANCO MARIA DEL CARMEN 33841813G, RAMOS SEREN ANGEL 33819943F	AS PARDELLAS, 6 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
146; 138	REBOLO RODRIGUEZ AMABLE 33856667-T, REBOLO RODRIGUEZ MARIA CARMEN 76574044Y	POETA DÍAZ CASTRO, 4 - ESC. 3 - 3º. 27004 LUGO
79; 84; 85	REBOLO VILELA MARIA MANUELA 76539615P	TORRE, 1 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
70A	REGUEIRO MONTERO ESTHER 33326475-G	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
48	RIVAS VARELA ROSA ISABEL 33856823-H	AVDA. DE SANTIAGO, 3. 27220 FRIOL (LUGO)
189; 190; 187	RIVERA IGLESIAS FRANCISCO 14937371-K	RÚA SOTO FREIRE, 7 - ESC. 1 - 3º E. 27002 LUGO

105; 109; 104; 111	RODRIGUEZ DABLANCA ANGEL MANUEL 33323884-N	AS PARDELLAS - CONDES. 27265 FRIOL (LUGO)
115	RODRIGUEZ DABLANCA ANGEL MANUEL 33323884-N, CAMPO ZAS MARIA TERESA 33325046R	AS PARDELLAS - CONDES. 27265 FRIOL (LUGO)
119	RODRIGUEZ LOPEZ JOSE MANUEL 33858688- C	FIXÓS, 1. 27185 LUGO
80; 93; 103; 79A	RODRIGUEZ LOPEZ MARIA 33831440-G	FIXÓS, 1. 27185 LUGO
62	RODRIGUEZ RIVAS AMPARO 33855869-F	AS PARDELLAS, 20 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
75	RODRIGUEZ RIVAS JOSE LUIS 76561801-E	AS PARDELLAS - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
188; 195	SANCHEZ QUIROGA JOSE ANTONIO 33830228-B	PONTE FERREIRA, 2. 27200 PALAS DE REI (LUGO)
12	VARELA CASTRO JOSE MANUEL 33850576-G, CASTRO ARES MARIA ERUNDINA 33597771S	XOSÉ CASTIÑEIRAS, 6, ESC. 4 - 4º A 27002 LUGO
151	VAZQUEZ MEILAN EVANGELINA 34224696-Y	RÚA MONTE PENA RUBIA, 14. 27004 LUGO
164; 131; 141; 143; 163	VIDAL MEILAN ANA ISABEL, VIDAL MEILAN SONIA 33539011-C	RÍO EUME, 18 - 1º B. 27004 LUGO
110; 112	VIÑA RODRIGUEZ ANGEL 33626093R	S. MARTÍN DE CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)

R. 0737

CONCELLOS**LUGO***Anuncio*

Aprobada inicialmente a conta de liquidación definitiva polo Consello Reitor da Xunta de Compensación da unidade de actuación Sur-2 do PXOU de 1990 (URPI-50 do PXOM vixente) en sesión celebrada con data do 18-03-2022, segundo certificación expedida polo seu Secretario coa mesma data e presentada no rexistro xeral deste Concello con data do 21-03-2022. Conforme ao previsto no artigo 279.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese a información pública polo prazo dun mes, durante o cal poderá ser examinada no Servizo de Urbanismo deste Concello (Ronda da Muralla, nº 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo, 23 de marzo de 2022.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, (Decreto número 2973/2021), Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0734

VIVEIRO*Anuncio*

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza sobre APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS PARA A SACA DE MADEIRA. do Concello de Viveiro, aprobada definitivamente polo pleno da Corporación, en data 16 de marzo de 2022, coa estimación parcial das alegacións presentadas no prazo de exposición ao público, co seguinte texto resultante:

“ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DOS VIAIS MUNICIPAIS PARA A SACADA DE MADEIRA**PREÁMBULO**

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos viais de titularidade municipal, en relación cos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das operacións de saca de madeira, comprendéndose dentro desta as operacións preparatorias da corta da madeira, corta, almacenamento e transporte, así como as operacións preparatorias, preparación, almacenamento e transporte da biomasa ou restos xerados pola corta.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer ás persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para iso é esencial que os viais de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Conscientes da importancia do sector forestal, pero tamén da incidencia que esta actividade pode ter na conservación e mantemento das infraestruturas viarias de titularidade municipal, esta ordenanza pretende facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial, regulando o uso especial dos viais de titularidade municipal para a saca de madeira.

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos viais de titularidade municipal fronte aos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira que se produzan dentro do termo municipal de Viveiro.

Entenderase por viais de titularidade municipal aos efectos da presente ordenanza, todos os viais que se atopan reflexados no Inventario Municipal de Bens, tendo dereito de acceso as empresas madeireiras ao listado de viais inventariados.

Artigo 2. Fundamento.

A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1.- Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte), así como a retirada da biomasa ou restos xerados pola corta, comprendendo tanto as actuacións previas (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas), como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza, sempre que non superen un máximo de 8 toneladas:

- as talas puntuais de exemplares de árbores illadas
- as podas e refaldes en plantacións forestais
- o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- os traballos de desbroce e limpeza de predios
- as talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

Artigo 4. Rexistro municipal de empresas madeireiras

As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Viveiro, segundo o establecido no artigo 3.1, serán consideradas aos efectos da presente ordenanza como empresas madeireiras, e para o suposto de que precisen usar os viais de titularidade municipal deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa ou nome da persoa física que exerce a actividade, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto.

Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I, achegando a seguinte documentación:

- Copia do NIF da persoa física que exerce a actividade ou CIF da empresa.

No suposto de persoas xurídicas copia do NIF do representante e copia das escrituras ou poder para a presentación da solicitude.

- Copia do seguro de responsabilidade civil da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta, saca, depósito e transporte de madeira ou, no seu caso, biomasa, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as referidas operacións. O referido seguro debe cubrir un mínimo de 300.000 euros por sinistro.

No suposto de que a empresa madeireira non sexa beneficiaria de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente na solicitude de inscrición, e presentar garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 7º, cada vez que realice unha actividade madeireira.

- Listado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver, detallando a marca, modelo, matrícula, MMA e TARA de cada un. No suposto de cambio de vehículos ou maquinaria a utilizar, deberá comunicarse ao Concello para a súa constancia no Rexistro, xa que soamente poderán usarse para a actividade extractiva da madeira os vehículos e maquinaria que consten no Rexistro.

-Copia das pólizas de seguro obrigatorio dos vehículos e maquinaria a empregar, así como do último recibo pagado.

O Concello resolverá as solicitudes inscribindo no Rexistro Municipal ás persoas físicas ou empresas madeireiras solicitantes que aporten a documentación establecida no presente artigo. En caso de non presentarse a totalidade da documentación requirirase ao efecto outorgando un prazo de dez días hábiles, e de non presentarse a correspondente documentación requirida acordarase o desistimento da solicitude segundo o disposto no artigo 68 LPACAP.

Anualmente deberá presentarse a documentación correspondente ao seguro de responsabilidade civil e seguros obrigatorios dos vehículos e maquinaria. De non presentarse directamente pola empresa madeireira requirirase polo Concello outorgándolle un prazo de dez días hábiles para a presentación e advertíndoa de que de non presentarse a mesma no prazo outorgado será dada de baixa do Rexistro. A inscrición no Rexistro terá vixencia permanente, ata que a empresa madeireira solicite, no seu caso a súa baixa ou a acorde de oficio o Concello por non renovar a documentación referente ao seguro de responsabilidade civil e/ou seguros obrigatorios dos vehículos e maquinaria.

Deberán solicitar a inscrición neste Rexistro todas aquelas persoas físicas ou empresas que realicen actividades extractivas de madeira, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte), así como a retirada da biomasa ou restos xerados pola corta (preparación, depósito, carga e transporte).

Artigo 5. Solicitude de autorización de actividades extractivas de madeira.

1.- As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Viveiro, unha vez feita a inscrición no rexistro establecido, para garantir a conservación dos viais municipais con motivo da execución de operacións de saca de madeira, dentro do termo municipal de Viveiro, será obrigatorio presentar, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, unha solicitude de autorización, conforme ao modelo contemplado no Anexo II desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar en montes, parcelas ou terreos forestais. Tamén será necesario presentar solicitude co mesmo prazo de antelación para a retirada da biomasa xerada polos restos da corta madeireira, acompañando toda a documentación que corresponda segundo o presente artigo.

Será requisito obrigatorio presentar previamente a solicitude de inscrición no Rexistro municipal de empresas, sendo denegadas as solicitudes de autorización de actividades extractivas de madeira ou biomasa presentadas sen contar coa inscrición no referido rexistro.

2.- A solicitude para as operacións de saca de madeira deberá estar asinada pola persoa física ou representante da empresa, e nela deberán constar os seguintes datos:

a) Datos de identificación da persoa física ou xurídica madeireira e do propietario forestal:

a. Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.

b. Persoa xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa.

b) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira. No suposto de que no momento da actividade se denote que non van rematar os traballos na data prevista, a empresa será responsable de comunicar este extremo ao Concello, indicando a data de remate dos traballos, co fin de poder comprobar nese momento o estado dos viais utilizados.

c) Nome do titular ou titulares das parcelas afectadas polo aproveitamento.

d) Identificación das fincas ou montes afectados, lugares e parroquia onde se sitúan.

e) Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca, que en todo caso deberán coincidir cos que figuren no Rexistro Municipal.

f) Lugar ou lugares previstos para depósito da madeira á espera da súa carga, que deberán cumprir cos requisitos establecidos na presente ordenanza.

g) Viais a empregar nas operacións de saca e transporte de madeira debendo evitar, sempre que sexa posible, o uso de viais que discorran por zonas edificadas.

h) Sistema previsto para a limpeza dos viais afectados pola saca de madeira ou biomasa.

i) Declaración responsable da empresa madeireira do compromiso de repoñer os danos ocasionados así como de cumprir con todos os preceptos da presente ordenanza. No suposto de que a empresa madeireira encargada da corta e saca da madeira se encargue tamén da xestión e retirada da biomasa a declaración responsable englobará a responsabilidade da retirada de restos de biomasa e outro tipo de lixo ou restos xerados na extracción.

En caso de que non sexa esta empresa a encargada da xestión da biomasa deberá acompañarse declaración responsable do titular da parcela ou parcelas afectadas polo aproveitamento sobre a retirada dos restos de biomasa e outro tipo de lixo ou restos xerados na extracción. A estes efectos deberá indicarse na solicitude se a mesma se presenta para todo o proceso ou se esta última fase do proceso vai ser realizada e responsabilizarse da mesma outra empresa ou o propio particular. No caso de realizarse esta fase por outra empresa, a mesma deberá presentar a súa correspondente solicitude.

3.- Xunto coa solicitude, deberase aportar a seguinte documentación:

a) No seu caso, copia autenticada da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

b) Plano indicativo dos viais a empregar nas operacións de saca de madeira e das zonas elixidas para depósito da madeira (poderá aportarse planimetría catastral identificando claramente os viais a empregar e as zonas para o depósito da madeira).

c) No suposto de que a empresa madeireira non conte con seguro de responsabilidade civil deberá presentar unha garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario segundo o disposto no artigo 7.

No suposto de que a recollida, carga, transporte e retirada da biomasa xerada e restos da corta se realicen de forma totalmente independente á tala, carga, transporte e retirada da madeira, sen responsabilizarse da mesma a empresa encargada desta última labor, a empresa responsable da recollida, carga, transporte e retirada da biomasa xerada e restos da corta deberá presentar autorización de forma independente, debendo estar esta empresa inscrita previamente no Rexistro municipal de empresas madeireiras, e presentar solicitude aportando a documentación que corresponda prevista no presente artigo para as solicitudes de saca de madeira.

No suposto de que a solicitude se presente incompleta requirirase ao solicitante para a súa subsanación no prazo de 10 días hábiles e de non presentarse a correspondente documentación requirida acordarase o desistimento da solicitude segundo o disposto no artigo 68 LPACAP.

4.- Unha vez presentada solicitude, se xurdiran aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas ao inicio, estas poderán irse incorporando á solicitude inicial, achegando a documentación esixida nos apartados 2 e 3, dos montes e/ou parcelas afectados, sempre e cando se empreguen os mesmos viais de saca e os mesmos lugares de acopio inicialmente relacionados. En caso contrario deberá presentarse nova solicitude.

5.- Presentada a solicitude de autorización emitirase informe sobre a mesma e reportaxe fotográfico polos vixiantes urbanísticos, no que poida comprobarse o estado dos viais a utilizar. Este informe formará parte da resolución. Posteriormente, trala súa utilización, ao día seguinte da data prevista de remate dos traballos indicada na solicitude, ou o momento de remate dos traballos no caso de que non coincida coa data inicial prevista, unha vez se comunique dita data pola empresa, emitirase novo informe por parte dos vixiantes urbanísticos sobre o estado dos viais, acompañando tamén reportaxe fotográfica. No caso de que non se responsabilice de todas as fases da saca de madeira a mesma empresa madeireira e se presenten dúas solicitudes diferentes para cada fase, emitiranse estes informes tanto para a fase de tala, recollida, carga, transporte e retirada da madeira como, no seu momento para a fase de recollida, carga, transporte e retirada da biomasa ou restos xerados pola corta.

6.- No caso de que se incumpra a obriga de solicitude de autorización establecida neste artigo, o Concello suspenderá os actos que se estean realizando, requirindo ao responsable para a presentación de solicitude nun prazo de 10 días hábiles, iniciando o correspondente procedemento sancionador de conformidade co disposto na presente ordenanza.

7.- Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a solicitude de autorización xunto coa documentación sinalada nos apartados 2º e 3º deste artigo, o concello resolverá e notificará a autorización favorable ou desfavorable para executar os traballos de aproveitamento madeireiro solicitados no prazo de 15 días hábiles.

8.- O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso por calquera dos viais e/ou o depósito nas zonas indicadas na solicitude de autorización, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a ubicación do acopio, a súa utilización na data solicitada para outros fins, as condicións meteorolóxicas adversas que poidan prever o seu deterioro atendendo ao tipo de firme das vías a utilizar, ou calquera outra causa xustificada. Para a denegación ou limitación de uso mediante a suspensión de autorizacións terase en conta, especialmente, entre as causas referidas no presente punto, a existencia de

choivas ou inclemencias meteorolóxicas que faigan prever o posible deterioro dos viais ou espazos públicos a utilizar.

Con carácter xeral non se autorizará o uso coetáneo de viais por diferentes persoas físicas ou empresas madeireiras. Non obstante, no suposto de que se presenten varias solicitudes para datas coincidentes poderá autorizarse o uso coetáneo dos viais sempre e cando se presente, a requirimento municipal, documento asinado por todos os solicitantes no que se responsabilizan de forma conxunta dos danos ocasionados, indicando expresamente a porcentaxe que asumirá cada un deles. De non presentarse dito documento unicamente se autorizará a primeira solicitude presentada, e as seguintes serán autorizadas para o momento no que remate a actividade extractiva primeiramente autorizada, e, no seu caso, se atopen repostos os danos ocasionados.

9.- Non poderá realizarse a actividade extractiva da madeira prevista á que lle resulta de aplicación a presente ordenanza sen contar coa preceptiva e previa autorización, podendo ser requirido directamente por parte da Policía Local, para o cese da actividade que se estea realizando sen a preceptiva autorización ou sen axustarse á mesma.

Artigo 6. Obrigas.

1.- Son obrigas da empresa madeireira encargada de realizar as operacións de saca da madeira, as seguintes:

- a) Presentar a solicitude de autorización nos termos indicados no artigo anterior.
- b) Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.
- c) Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes das operacións de saca de madeira, de xeito que os viais ou espazos públicos municipais queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Deberán manterse limpos, a diario, de calquera resto forestal, de terra, lodo ou calquera outro residuo que derive da actividade extractiva, todos os viais utilizados, co fin de evitar riscos en materia de seguridade viaria.
- d) Non proceder, como regra xeral, ao corte ao tráfico dos viais utilizados, estando permitido unicamente de forma puntual para a realización dalgunha tarefa concreta e, en todo caso, polo menor tempo posible. De ser preciso o corte ao tráfico do vial deberá comunicarse esta necesidade á Policía Local para poder adoptar as medidas que resulten necesarias.
- e) Repor ao seu estado anterior as rampas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- f) Deberá sinalizar debidamente os depósitos cun selo cos datos da empresa que está realizando os traballos de aproveitamento madeireiro para que o Concello poida identificar en cada momento á empresa responsable e comprobar se presentou comunicación previa.
- g) Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas municipais, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira, debendo proceder ao arranxo dos mesmos, nas mesmas condicións preexistentes.

Para o arranxo de desperfectos nos viais ou espazos municipais establécense as seguintes prescricións:

- a. Se os desperfectos afectaron á cuneta procederase á reposición integral da cuneta, mantendo as súas características iniciais en canto a forma, material e dimensións da existente. En caso de deterioración dos accesos a parcelas ou pasos salvacunetas existentes, deberán repoñerse os mesmos, atendendo ás seguintes estipulacións:

A execución destas obras deberá executarse mantendo, en todo caso, o volume de capacidade de recollida de augas da cuneta onde se executen, debendo cumprir coa norma UNE 135126:2019 e non afectar ao firme do vial. O acceso deberá dotarse en todo caso con paso salvacunetas de diámetro interior superior a 30 cms en caso de tubos de pvc e superior a 40 cms en caso de tubos de formigón. A parte superior do acceso deberá realizarse de tal forma que impida que as augas proveñentes do acceso deslícense ao vial.

- b. Se os desperfectos afectaron á zona de rodadura a reposición realizarase atendendo ás seguintes pautas:
 - a. En viarios onde o ancho total da zona de rodadura sexa igual ou inferior a 4,00 m, procederase á reposición integral do pavimento na zona afectada en todo o ancho do vial, mantendo as características en canto a forma, material e dimensións do existente. As unións deberán realizarse de tal forma que non se produzan badenes ou resaltes, nin desniveis que poidan xerar apozamentos.
 - b. En viarios onde o ancho total da zona de rodadura sexa superior a 4,00 m, procederase á reposición integral do pavimento na zona afectada en todo o ancho do carril polo que discorra a canalización, entendendo por ancho do carril o espazo comprendido entre o eixo do vial e o bordo pavimentado do mesmo, mantendo as características en canto a forma, material e dimensión do existente. As unións deberán realizarse de tal forma que non se produzan badenes ou resaltes, nin desniveis que poidan xerar apozamentos.
- c. Deberase repoñer así mesmo calquera elemento funcional do vial que resulte danado.
- d. No suposto de desmorramento da zona de firme deberán realizarse as obras necesarias para que o vial danado quede no seu firme nas mesmas condicións preexistentes.

As obras a executar para a reposición dos desperfectos ocasionados deberán contar co correspondente título urbanístico, que será solicitado polo causante dos danos ante o Departamento Urbanístico municipal. O Concello concederá autorización para a execución das obras no dominio público, previa ou simultánea ao outorgamento da licenza urbanística, establecento como condicionantes o cumprimento das prescricións establecidas na presente ordenanza.

h) Cumprir a normativa en materia de incendios e montes de Galicia.

i) Constituír, de ser o caso, a garantía a favor do Concello, conforme ao establecido no artigo 7.

2.- En caso de que a empresa madeireira incumpra a obriga do apartado a) do punto anterior estarase ao disposto no artigo 5 da presente ordenanza.

En caso de que se incumpran algunha das obrigas sinaladas nos apartados b) a i) do punto anterior, o Concello requirirá para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, atendendo ás características de cada unha das obrigas obxecto de incumprimento así como ás concretas características da actividade realizada. Cando a empresa madeireira non puidera ser identificada, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate. En caso de incumprimento no prazo outorgado ao efecto do arranxo dos danos ocasionados nos viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas municipais, o Concello acordará a execución subsidiaria, e procederá á realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado.

3.- O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido na mesma.

Artigo 7. Garantía.

No suposto de que non sexa titular ou beneficiario de ningún seguro de responsabilidade civil, que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poida ocasionar con motivo das operacións extractivas, polo importe esixido na presente ordenanza, a empresa madeireira deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada seguinte:

Concepto Garantía

Por tonelada de madeira a extraer. 2 €/tonelada

Viais de titularidade municipal con pavimento de terra, zahorra ou similar. 2 €/metro lineal

Viais de titularidade municipal con pavimento de asfalto, aglomerado ou formigón. 4 €/metro lineal

Aos efectos de cómputo para a constitución da fianza terase en conta a lonxitude do percorrido establecido para as actividades extractivas polos viais de titularidade municipal, computándose dita lonxitude por unha única vez.

No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas na solicitude inicial, deberá presentar a garantía correspondente ás toneladas dos novos aproveitamentos concatenados.

2.- As persoas físicas ou empresas madeireiras deberán depositar na Tesourería municipal a garantía á hora de presentar a solicitude de autorización e en todo caso con anterioridade ao comezo dos traballos, a favor do Concello, en calquera das formas establecidas na Lei de Contratos do Sector Público.

4.- No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, e se procedese á realización dos traballos sen autorización, o Concello suspenderá os actos que se estean realizando, e procederá de conformidade co establecido nos artigos 5 e 6 da desta ordenanza. Neste suposto outorgarase para o depósito da garantía un prazo de dez días hábiles.

5.- Unha vez rematados os traballos, esta garantía será devolta, previa petición segundo o Anexo III.

6.- No prazo de 30 días dende o remate da extracción, e previa petición da persoa interesada, ou, no caso de non constar solicitude expresa, de oficio por parte do Concello, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, no que quede reflexado que non se causaron danos nin desperfectos nos viais e infraestruturas públicas municipais, e de que os viais utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos. Este informe será emitido polos vixiantes urbanísticos, e, no suposto de resultar necesario, emitirase, no seu caso, informe técnico valorativo dos danos ocasionados.

7.- En caso de incumprimento das obrigas, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do artigo 6 desta ordenanza. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, se este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais que corresponda. De non darse cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a execución subsidiaria, e procederá a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

8.- Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, reclamaráselle a diferenza ao responsable, que en todo caso, deberá indemnizar ao Concello pola totalidade dos danos ou desperfectos ocasionados.

Artigo 8. Exencións da presentación de garantías.

Estarán exentos da prestación de garantías os aproveitamentos madeireiros e leñosos exentos do ámbito de aplicación da presente ordenanza.

Tamén quedan exentos os aproveitamentos asegurados mediante o correspondente seguro de responsabilidade civil. De todas formas, en caso de que non se produza a cobertura ou cobertura total dos danos por parte do correspondente seguro, será en todo caso por conta da empresa madeireira o arranxo dos desperfectos ocasionados no dominio público con motivo do uso especial regulado na presente ordenanza.

Artigo 9. Prohibicións.

A empresa madeireira encargada de realizar as operacións recollidas na presente ordenanza deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos correspondentes.
- Usar os viais municipais para almacén ou depósito da madeira ou dos restos derivados da corta.

Os depósitos de madeira ou restos derivados da corta, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscar as infraestruturas anexas aos viais, nin supoñer un risco para os usuarios. O almacén ou depósito da madeira ou dos restos derivados da corta non poderá ubicarse nos viais, nin nas súas infraestruturas anexas, deixando en todo caso libres de ocupación 4 metros dende o eixo a ambos lados do vial. Tampouco poderá realizarse almacén ou depósito nas zonas de acceso a depósitos de auga, así como nas zonas declaradas como zonas inundables.

- Circular por calquera vial ou espazo público municipal con vehículos de cadeas.
- Circular por calquera vial municipal con vehículos que superen a tonelaxe máxima establecida nas correspondentes sinais de restrición en cada un dos viais.
- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra sen contar coa preceptiva autorización.

Artigo 10. Infraccións.

1.- Constitúen infraccións a esta ordenanza as accións ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados 2º, 3º e 4º deste artigo.

2.- Son infraccións moi graves:

- a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen previa autorización.
- b) Non achegar a documentación sinalada no artigo 5.3 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- d) Non realizar os traballos necesarios para que as infraestruturas, viais e/ou espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- e) Ocultar ou falsear calquera dos datos a que se refire o artigo 5.2 desta ordenanza.
- f) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 5.3 desta ordenanza.
- g) Realizar os traballos de saca de madeira usando infraestruturas, viais e/ou espazos públicos municipais respecto dos cales se tivese denegado por parte do Concello a súa utilización.
- h) Deixar os viais utilizados nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade vial, segundo o informe municipal que se emita.
- i) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa.
- j) Non cesar na realización da actividade unha vez requirido ao efecto por parte da Policía Local, de conformidade co disposto no artigo 5.9 da presente ordenanza.

3. Son infraccións graves:

- a) Non derrubar ou non repor ao seu estado orixinal as rampas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nos terreos.
- b) Utilizar para a extracción de madeira vehículos diferentes dos manifestados na solicitude de autorización.
- c) Utilizar lugares para o depósito da madeira diferentes dos indicados na solicitude.
- d) Utilizar para calquera das actividades da extracción viais non indicados na solicitude.

e) Depositara madeira ou restos da corta nas zonas prohibidas na presente ordenanza.

f) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves, que sexan firmes na vía administrativa.

4.- Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas e/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, e que non estea cualificada como moi grave ou grave.

5.- Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.

Artigo 11. Responsables.

1.- Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de empresas madeireiras.

2.- Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar ás empresas madeireiras, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 12. Procedemento sancionador.

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nas Leis 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do Réxime Xurídico do Sector público, e 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas.

Artigo 13. Sancións.

1.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 600,00 euros.

- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 600,01 euros e 1.500,00 euros.

- Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01 euros e 3.000,00 euros.

2.- Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada.

3.- A imposición de sancións por infraccións graves conlevará a prohibición de obter autorizacións para a saca de madeira no municipio de Viveiro durante 6 meses.

4.- A imposición de sancións por infraccións moi graves conlevará a prohibición de obter autorizacións para a saca de madeira no municipio de Viveiro durante 1 ano.

5.- A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houbese lugar.

Artigo 14. Órganos competentes.

1.- Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador a Alcaldía ou concellería en quen delegue.

2.- A función instrutora exercerase pola autoridade ou persoal funcionario que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer en quen tivera competencia para resolver o mesmo. A instrución levarase a cabo pola sección correspondente do Departamento de Tesourería.

3.- Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador a Alcaldía, ou no caso de delegación expresa, a Xunta de Goberno Local.

4.- O control do cumprimento desta Ordenanza atribúese á Policía Local e aos vixiantes urbanísticos.

A competencia dos vixiantes urbanísticos restrínxese as funcións expresamente indicadas na presente Ordenanza, correspondendo o resto de facultades de inspección e control á Policía Local.

Artigo 15. Prescrición das infracción e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que fora imposta a sanción.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Primeira.- Habilítase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda.- En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas todas as normas municipais de igual ou inferior rango que contradigan o disposto na presente Ordenanza.

ANEXOS**ANEXO I****REGISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS**

1. DATOS DA EMPRESA NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL: NIF/CIF:

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:

CONCELLO

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DOS VEHÍCULOS E/OU MAQUINARIA A EMPREGAR NA ACTIVIDADE

VEHICULO

MARCA

MODELO

MATRICULA

PMA

TARA

3. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA TRANSPORTISTA (para cubrir só no caso de que as operacións de transporte se realicen por empresa distinta da empresa madeireira)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:

CONCELLO

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

VEHÍCULOS E/OU MAQUINARIA A EMPREGAR NO TRANSPORTE

VEHICULO

MARCA

MODELO

MATRICULA

PMA

TARA

4. DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cunha "x" a documentación que se anexa)

Copia do DNI/CIF do interesado.

Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e perxuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, por importe mínimo de 300.000,00 euros por sinistro, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

En _____, a ____ de ____ de 20__

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asd

ANEXO II**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA****1. DATOS DO RESPONSABLE DA EMPRESA EXTRACTORA**

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:

CONCELLO

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DO TITULAR DA FINCA

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:

ENDEREZO:

CONCELLO:

PROVINCIA:

CÓDIGO POSTAL:

TELÉFONO:

3. LOCALIZACION DA FINCA/MONTE AFECTADO

LUGAR/ES:

PARROQUIA:

POLIGONO/OS:

PARCELAS/AS:

4. DATOS DA TALA

VIAIS A EMPREGAR PARA SACA E TRANSPORTE DA MADEIRA:

LUGAR DE DEPÓSITO DE MADEIRA E CAMIÑOS A EMPREGAR NA SACA DE MADEIRA:

DATA PREVISTA DE INICIO OS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA:

DATA PREVISTA DE REMATE OS TRABALLOS DE SACA DE MADEIRA:

5. DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cunha “x” a documentación que se anexa)

No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Cando sexa o caso, copia das autorizacións sectoriais precisas (organismo de conca, patrimonio cultural, estradas, etc)

Plano indicativo dos viais a empregar nas operacións de saca de madeira e das zonas elixidas para depósito da madeira

Seguro de responsabilidade civil

Copia de transferencia bancaria en concepto de fianza en metálico ou orixinal de aval bancario en concepto de garantía, no caso de non presentar seguro de responsabilidade civil no momento da inscrición no Rexistro.

Outros:

DECLARACION RESPONSABLE

Como responsable do depósito, saca e transporte de madeira descrito nesta solicitude, comprométome a reposición de danos nos bens de titularidade municipal e compromiso de retirada da biomasa sobrante que accidentalmente quede depositada nas vías a utilizar, así como todos os lixos que puideran ocasionarse da actividade da zona de extracción.

Comprométome así mesmo a cumprir con todos os preceptos da Ordenanza municipal reguladora do uso común especial dos viais municipais para a saca de madeira.

ALCANCE DA SOLICITUDE (Marque cunha "x"segundo proceda)

A presente solicitude engloba todas as fases da corta.

A presente solicitude non engloba a fase correspondente á recollida, carga, transporte e reitrada da biomasa e restos xerados pola corta.

Datos a cumprimentar para o CALCULO DE GARANTIA (no suposto de non contar coa presentación de seguro de responsabilidade civil no momento da inscrición no Rexistro)

CANTIDADE DE TN. A EXTRAER GARANTIA (2 €/TN) IMPORTE

TIPO DE VIA A EMPREGAR Camiño de terra, zahorra ou similar

GARANTIA (2 €/METRO LINEAL) IMPORTE

TIPO DE VIA A EMPREGAR Estrada asfaltada, formigón ou similar

GARANTIA (4 €/METRO LINEAL) IMPORTE

TOTAL IMPORTE DE FIANZA EN METÁLICO A INGRESAR

En _____ , a ____ de ____ de 20__

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo.

ANEXO III

SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTIA POR AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA

1.- DATOS SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZON SOCIAL DNI OU CIF:

ENDEREZO:

TELEFONO

2.- DATOS AUTORIZACIÓN

LUGAR DA SACA E TRANSPORTE

DATA DA AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS

DATA DE REMATE DOS TRABALLOS

CUANTIA DE GARANTIA

Unha vez rematado os traballos de actividades extractivas de madeira, solicito a devolución de garantía, aportando a seguinte documentación:

Certificado de conta bancaria para ingreso de fianza en metalico (de ser o caso)

Outros:

En _____, a ____ de ____ de 20__

PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo

Viveiro, 28 de abril de 2022.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 0735

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/26585

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 18 de enero de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ayuntamiento de Triacastela, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,039 l/s de agua procedente de un manantial en el lugar Tras do Castro, parroquia de Cancelo (San Cristovo), término municipal de Triacastela (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Tras do Castro.

Lugo, 11 de marzo de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0736

Anuncio

Expediente: A/27/28824

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 10 de febrero de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Manuel Álvarez Mourelo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,011 l/s de agua procedente del río Tordea en el lugar de Lago, parroquia de Abragán (San Bartolomeu), en el término municipal de O Corgo (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 10 de marzo de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0738

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01482

PETICIONARIO: Manuel Rivera Díaz

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Vilar nº 1

LOCALIDAD: Vilar nº1 Farnadeiros (San Pedro)

TÉRM. MUNICIPAL: O Corgo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Mazairas de/Mazairas de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Vilar nº 1" - "Manuel Rivera Díaz", con un volumen máximo anual de 394,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Arqueta entronque.
- Fosa con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 28 de marzo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca.

R. 0739

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01473

PETICIONARIO: Marcos López Pérez

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Vilalence

LOCALIDAD: Vilalence Goián (San Miguel)

TÉR.M. MUNICIPAL: Sarria

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA:---/---

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Vilalence" - "Marcos López Pérez", con un volumen máximo anual de 310 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

-Separador de grasas.

-Fosa séptica.

-Arqueta de control de vertido.

-Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 28 de marzo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca.

R. 0740

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01461

PETICIONARIO: Sandra Mourelo Vila

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Bergazo

LOCALIDAD: Bergazo Bergazo (San Fiz)

TÉRMINO MUNICIPAL: O Corgo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Chamoso/Chamoso

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Bergazo" - "Sandra Mourelo Vila", con un volumen máximo anual de 310 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta separadora de grasas .
- Fosa séptica .
- Arqueta de control de vertido.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 28 de marzo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca.

R. 0741

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01199-1

PETICIONARIO: Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Centro de emisión en Monte Páramo

LOCALIDAD: Vilanova Friolfe (San Xoán)

TÉRMINO MUNICIPAL: O Páramo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Vigo Do Fondo De/Vigo Do Fondo De

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Centro de emisión en Monte Páramo" - "Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.", con un volumen máximo anual de 28 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

Vertido 1: NO2702326 Aseos_1-Centro emisión-Monte Páramo

- Fosa séptica con filtro
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Vertido 2: NO2702669 Aseos_2-Centro de emisión-Monte Páramo

- Fosa séptica
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 28 de marzo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,
Diego Fompedriña Roca.

R. 0742
